

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONSORCIO DE TURISMO DE RIBEIRA SACRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PARTE DAS ACCIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DA PAISAXE CULTURAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Consorcio de Turismo Ribeira Sacra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra para a realización de parte das accións previstas no Plan de Xestión da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra para a súa declaración como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- O Consorcio de Turismo de Ribeira Sacra fixa entre os seus obxectivos planificar, xestionar e promover o desenvolvemento turístico da zona, como elemento vertebrador do espazo turístico que constitúe o ámbito do Consorcio, así como fomentar e desenvolver actuacións e actividades en materia turística coordinando todos os esforzos e iniciativas que se realicen cunha visión de conxunto e fomentar a promoción turística e as actuacións de posta en valor e de dinamización do sector turístico de Ribeira Sacra.

Terceiro.- a Ribeira Sacra presentou a súa candidatura para a súa declaración como Patrimonio da Humanidade 2021. A estes efectos, desde a Xunta de Galicia remitiuse ao Ministerio de Cultura e Deporte da documentación da Candidatura para a súa revisión e envío á UNESCO, entre a que se atopa o Plan de Xestión, documento necesario para a devandita declaración.

A Ribeira Sacra é unha Paisaxe Cultural delimitada que conta coa máxima protección cultural, natural e paisaxística. Constitúe unha testemuña excepcional da cristianización da Península Ibérica e a paisaxe simbólica máis occidental da Europa continental, grazas a uns conxuntos de orixe relixiosa sobreabundantes e de extraordinaria singularidade nesta terra. Un patrimonio construído que ilustra 1.500 anos de historia nos que na Ribeira Sacra creceu “un bosque de igrexas”, ilustrativo da riqueza e variedade da arquitectura románica dos séculos XII e XIII.

Galicia é unha terra cun vasto patrimonio cultural material recoñecido pola UNESCO e incluído na Lista do Patrimonio Mundial: a Cidade vella de Santiago de Compostela (1985), os Camiños de Santiago de Compostela: Camiño Francés e Camiños do Norte de España (1993 e 2015), a Muralla de Lugo (2000) e a Torre de Hércules (2009). Neste momento, a Comunidade avanza no impulso de tres novas candidaturas como son a Ribeira Sacra, as Illas Cíes-Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e a Cidade de Ferrol: Porto da Ilustración.

Cuarto.- O Plan de Xestión da Paisaxe é un documento necesario para a declaración, no cal se inclúen accións nas que a Axencia Turismo de Galicia asume o seu financiamento e/ou a colaboración para a súa execución, co obxectivo de que se acade a pretendida Declaración de Patrimonio da Humanidade da Ribeira Sacra..

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

